


CELEBRACIÓN DA EPIFANÍA EN OS COTOS

5-6 de xaneiro do 2019

FESTA DOS REIS



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 1* *Que ledos hoxe estamos*
ou nº 65 *Imos compañeiros imos*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro.
Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo
e do Espírito Santo.

A festa de hoxe quere por diante de nós a
manifestación de Deus ante toda a humanidade
representada nos Reis Magos.

Neste día temos que abrir o espírito para acoller a
todos, sen distincións de razas, sexo, ideoloxía nin
calquera outra diferenza, como fixo o seu Fillo Xesús en
Belén.

O mellor agasallo que Deus nos fai é a presenza do seu
Fillo Xesús no medio de nós para mostrar o camiño que
leva cara a El.

Que a estrela da fe nos guíe polos vieiros de
comprensión e acollida que nos trae esta festa de Reis.

Encomendamos hoxe a todos aqueles que non
entenden o gran agasallo de Deus mesmo.

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

OU CANTO *♪ n° 66* *Gloria ao Señor nas alturas*

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; e agradecemos o agasallo da familia na que compartimos e medramos.

(silenzo)

Señor, por medio da estrela,
Ti hoxe deches a coñecer ao teu Fillo
a todas as nacións.

Concédenos aos que xa te coñecemos pola fe
sermos levados a contemplar
cara a cara a túa gloria.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo,
que vive no medio de nós
e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

No Leccionario I – C páxina **LECTURA**
LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO PAULO
AOS EFESIOS

♪ n° 3 *Unha xuntanza de amor* **SALMO**
ou n° 68 *Con un sombreiro de palla*

(en pé) *No Leccionario I – C páxina* **EVANXEO**
PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO MATEO

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller
a Palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial e neste día da festa dos Reis, sabendo que Xesús vive no medio de nós, damos resposta da nosa fe diante dos demais dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
que acompaña os nosos camiños da vida
como naquel cortello de Belén?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
que se achega a todos nós
e nace pobre e no medio dos pobres?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus
que nos alenta a compartir
con quen se enche da ilusión do Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa,
comunidade e familia que quere medrar
acollendo a Xesús
que se fai no medio dos empobrecidos desta terra?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Movidos pola nosa fe que nos une en comunidade, e que nos convida a seguir o camiño da estrela de Belén, rezamos dicindo:

MÓSTRANOS O TEU CAMIÑO, SEÑOR.

Monitor/a

1. Todos queremos acoller o cariño de Deus que se nos mostra humilde e forte en Belén. Queremos andar sempre polos seus camiños de amor. Por iso dicimos.
2. Todos queremos acoller contentos ao Deus que comparte con nós. Queremos tamén achegarnos aos que precisan da nosa compañía e axuda. Por iso dicimos.
3. Todos queremos acoller contentos ao Deus que nos visita na vida dos pobres. Queremos agradecer a todos cantos se achegan aos máis necesitados sen virarlle as costas. Por iso dicimos.
4. Todas as comunidades queremos acoller e facer noso o misterio do Nadal. Queremos agradecer o poder ser hoxe signos de alegría, de xustiza e de paz. Por iso dicimos.

Celebrante: Grazas Pai porque agora coa nosa oración comprometémonos a facer o evanxeo seguindo o camiño que nos mostra a estrela dos Magos para atopar ao Neno que nos naceu, noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Descubrimos a Deus cando sae ao noso encontro, cando se fai comunidade, cando decide compartir con nós coma Pai, cando nos acolle nos seus brazos abertos. Agora como familia agasallada imos rezar con palabras sinxelas e agarimosas ao corazón de Deus. NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans tendidas uns para os outros falan da nosa vontade de vivir coma irmáns con todos. Sabendo que o facemos con xestos e pasos pequenos, dámonos agora a man de irmáns en Cristo, e que o Deus da paz nos alente a ser luz de Nadal.

CANTO ♪ n° 38 *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: Coma cristiáns estamos na mesa porque o Neno Deus comparte con nós, e convidanos a que nós fagamos o mesmo. A Eucaristía é a luz que ilumina o noso camiño da fe compartindo con todos á beira do Pai.

Ditosos todos nós convidados hoxe a este pan do Señor.

CANTO n° 58 *Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor, que a túa luz nos dirixa
en todo tempo e lugar,
para que contemplemos con fe pura
e vivamos con amor sincero
O misterio no que participamos.
Pedímoscho por Xesucristo, o teu fillo benquerido,
que vive e reina con nós por sempre eternamente.

Deus chamouvos das tebras á súa luz admirable.

Que El vos dea a súa bendición e vos afirme na fe, na esperanza e na caridade. Amén

Vós seguides confiadamente a Cristo que hoxe se manifestou ao mundo coma luz que brilla nas tebras. Que tamén Deus vos faga a vós ser luz para os vossos irmáns. Amén

Os Magos seguiron a estrela e con grande gozo atoparon a Cristo, que é a luz da luz. Que tamén vós atopedes ao Señor, cando chegedes ao final do voso camiño. Amén

Avisar das misas da semana

Que o Señor, agasallo de vida no Nadal

nos bendiga, †

nos garde de todo mal

e nos leve á vida eterna. Amén